

DOMINGO 21 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Is 66, 18-21

Traerán a todos os vosos irmáns de entre os xentís

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Di o Señor:

Eu chego para xuntar todos os pobos e linguas, para que veñan e vexan a miña gloria. Porei no medio deles un sinal e mandarei os superviventes de entre eles ás nacións: a Tárxix, a Pul e a Lud, os que tensan o arco, a Tubal e a Iaván, ás remotas nacións costeiras que non oíron o meu renome, nin viron a miña gloria.

Eles manifestarán a miña gloria entre os pobos. Eles traerán a todos os seus irmáns coma ofrenda para o Señor, en cabalos e en carros, en liteiras, en mulos e en dromedarios, ata o meu santo monte de Xerusalén -dío o Señor-, así como os fillos de Israel traen ao templo do Señor a ofrenda en vasillas limpas. Tamén collerei a algúns deles para sacerdotes e levitas -dío o Señor-.

SALMO RESPONSORIAL Sal 116, 1. 2.

R/ (Mc 16, 15): Ide a todo o mundo a predicar o Evanxeo

Ou: Aleluia

Louvade o Señor todas as xentes,
aclamádeo todos os pobos.

O seu amor connosco é firme,
a súa fidelidade dura sempre.
Aleluia.

SEGUNDA Heb 12, 5-7. 11-13

O Señor castiga a quen ama

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS

Irmáns e irmás:

Xa vos esqueceu aquela recomendación de Deus, que vos fala como se lles fala aos fillos:

"Meu fillo, non despreces o castigo do Señor
nin esmorezas cando El che rife;
porque o Señor, a quen lle quere ben, castígaio,
e azouta a todo aquel que recoñece por fillo".

Aguantade o sufrimento coma un castigo educativo: é Deus que vos trata coma fillos. Porque, quen é o fillo a quen seu pai non o castiga? Ningún castigo resulta agradable de momento senón triste; pero co tempo aos que están exercitados nel págalles co froito pacífico da xustiza.

Por iso, entesade as vosas mans sen forzas e os vosos xeonllos trementes e poñede os vosos pés en vieiros dereitos para que a perna coxa non escorde, senón que máis ben cure.

ALELUIA Xn 14, 6:

Eu son o camiño e a verdade e a vida, di o Señor;
ninguén ven a meu Pai senón é por min.

DOMINGO 21 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 13, 22-30

Virán de oriente e de occidente e integraranse no reino de Deus

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Atravesaba Xesús vilas e aldeas ensinando, camiño de Xerusalén.

Un preguntoulle:

- Señor, e logo son poucos os que se salvan?

El respondeu:

- Loitade para entrardes pola porta estreita, porque vos aseguro que moitos intentarán entrar e non poderán. Despois que o dono da casa peche a porta e empecedes os de fóra a petar nela dicindo: "Señor, ábrenos", el responderá: "Non sei quen sodes".

Entón empezaredes a dicir: "¡Se nós comemos e bebemos contigo e ti ensinaches polas nosas rúas!".

El repetirá: "Non sei quen sodes. ¡Arredade de min os que practicades a inxustiza!".

Daquela habedes chorar e hainvos renxer os dentes: cando vexades que Abraham, Isaac, Xacob e todos os profetas están no Reino de Deus, e que a vós vos botan para fóra.

E chegarán de Oriente e Occidente, do norte e do sur a sentar na mesa do Reino de Deus. Si, hainos que son últimos e serán os primeiros, e hainos primeiros que serán os derradeiros.